# Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

## Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Ramón Martínez López do 00/11/1986

**Colección:**
**Data:** 00/11/1986
**De:**
Valentín Paz-Andrade;
**Para:**
Ramón Martínez López;
**Orixe:**
Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)
**Destino:**
Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)
**Ficha descriptiva:**
[Carta manuscrita:]
**Localización física:**Arquivo familiar Paz Andrade
**Temáticas:**
Asuntos particulares; Congreso; Saúde;
**Mencionados:**
Castelao;

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

---

**Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Ramón Martínez López do 00/11/1986**

[Vigo, novembro de 1986]

Ilmo. Sr. Ramón Martínez López
Presidente da Fundación Castelao
Pardiñas, 7 – 6º B
Santiago de Compostela

Benquerido Ramón:

Xa te imaxinarás o trauma íntimo que para min supón non me atopar presente e participante nas xornadas do Congreso sobre Castelao. O cativo estado de saúde que veño aturando, con altibaixos, desde hai moitos meses, non me permite arriscarme a un novo atranco no proceso de convalecencia. Desgraciadamente outros compromisos, tamén vinculantes para min, viñeron a recrudecementos ulteriores.
Reducido, como me vexo, a facer patente a miña afervoada adhesión a canto o Congreso ten de merecida exaltación a figura de Castelao e da sua obra, fundamental e lumiosa, permíteme pedirche que o fagas constar así, si estimaras oportuno, n-algunhas das Xornadas a vir, con a miña saudación cordial e saudosa a todos os Congresistas.
Con os meus afervoados votos pol-o éxito do Congreso, recibe arrochadas apertas do teu sempre incondicional

[V. Paz Andrade]

---

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.